



San Sadurniño
www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA
POLO PLENO DO CONCELLO, O DÍA 06/11/2010.

Alcalde Presidente:

D. Secundino García Casal.

Concelleiros presentes:

D. Manuel Varela Mecias.

D. Xosé López Gudín.

D^a María del Carmen Muiño Filgueira

D. Jesús Manuel Soto Vivero.

D. Constantino Bedoya Vázquez.

D. Hipólito Díaz Silva.

D. Juan Antonio Hermida Tembrás.

D. José Romero Ledo.

D. Fernando Márquez Hermida.

Concelleiro ausente:

D. José Serafín Gudín Sabín.

Secretario:

D. Miguel A. Arroyo Moreno.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de San Sadurniño, sendo as once horas e trinta e cinco minutos do sábado día seis de novembro de dous mil dez, comparecen os Sres. Concelleiros deste Concello arriba indicados, en presenza do devandito Secretario, para a celebración da sesión ordinaria do Pleno do Concello oportunamente convocada polo Sr. Alcalde.

Iníciase seguidamente a deliberación dos asuntos de competencia do Pleno incluídos na Orde do Día da sesión, que son os seguintes:

PRIMEIRO. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Dase conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día catro de setembro do presente ano dous mil dez. Pola Presidencia pregúntase ós Sres. membros da Corporación se teñen observacións ou propostas de modificación que formular en relación con esa acta. Non téndoas, a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda prestarlle a súa aprobación.

SEGUNDO. ACORDOS DE RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO DE BENS.

Dase conta de varios expedientes tramitados con distintas finalidades e que deben ter incidencia no Inventario de Bens do Concello, por afectar a bens inventariables. Como consecuencia deses expedientes, procede introducir nese Inventario as modificacións que de seguido se relacionan:



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

- Alta dun tramo de camiño público, omitido debido a un erro no Inventario, no lugar de Camba-Teixeiro, da parroquia de Ferreira.

- Baixa dun tramo do camiño público nº 123, que pasa polo lugar de Freixo, parroquia de Lamas, expresamente desafectado e transmitido ó colindante como parcela sobrante.

- Alta dos dereitos dos que é titular o Concello sobre os xardíns e o muro do Pazo da Marquesa, cedidos hai anos e que foron obxecto recentemente de importantes investimentos financiados tanto pola Xunta de Galicia como pola Deputación Provincial da Coruña.

- Alta dun camión con grúa recentemente adquirido polo Concello para a prestación de diversos servizos, principalmente o de recollida de voluminosos, cuxos datos principais son os seguintes: Marca: Volvo; Tipo: FLT 4x2; Variante: CH-48; Matrícula: C-5812-BB; Bastidor nº YV2F2CKAXNA371878.

O asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión Informativa competente do Concello.

A Corporación, sen deliberación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda aprobar as referidas modificacións do Inventario de Bens do Concello.

TERCEIRO. APROBACIÓN DEFINITIVA DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS TRIBUTARIAS NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

Dase conta do expediente tramitado para a delegación na Deputación Provincial da Coruña da xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa por utilizacións privativas ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais as favor de empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral, a partir do acordo adoptado polo Pleno do Concello na súa sesión do pasado 5 de setembro. O acordo foi exposto ó público mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 177, do 15 de setembro, sen que durante o prazo establecido se presentase alegación algunha en relación co mesmo. O asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión Informativa competente do Concello.

A Corporación, sen deliberación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda aprobar definitivamente a delegación na Deputación Provincial da Coruña da xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa por utilizacións privativas ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais as favor de empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral, ordeando a remisión dunha certificación do presente acordo á Deputación Provincial, para que se acepte esta delegación.

CUARTO. APROBACIÓN INICIAL DE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚMERO 03/2010.

Dase conta polo concelleiro de facenda, Sr. Soto, da necesidade de modificar o crédito disponible en dúas partidas do presuposto do presente exercicio 2010, xa aprobado



definitivamente, para incrementar a dotación do artigo 78, área de gasto 4, adicado ás axudas á autoconstrucción en zonas sen servizos municipais, na cantidade de 800 euros, e para incrementar en 25.000 euros a disponibilidad existente no artigo 22, área de gasto 3, adicada a cultura e deporte, cantidades procedentes do remanente de tesoureiría do exercicio 2009. Explica o Sr. Soto, en relación co aumento na partida 78-4 que este ano o Concello está atendendo solicitudes de subvención correspondentes a licencias outorgadas en exercicios anteriores.

O asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión Informativa competente do Concello.

O Sr. Bedoya toma a palabra para dicir que o seu grupo votará en contra desta modificación, como xa fixo na Comisión Informativa, por coherencia coa súa postura de oposición ó contido do presuposto, manifestada desde a súa aprobación.

O Sr. Márquez toma a palabra de seguido, para dicir que a proposta responde á habitual necesidade de realizar axustes de cara ó final do exercicio, polo que lle parece axeitada.

Sometido seguidamente a votación ordinaria, a Corporación, previa breve deliberación, en votación ordinaria e por maioría de seis votos, dos concelleiros do BNG e o do PSOE, con catro votos contrarios, dos concelleiros pesentes do PP, acorda:

1º.- Aprobar o expediente de modificación de créditos n.º 03/2009, do Presupuesto do 2010, na modalidade de suplementos de crédito financiados mediante o remanente positivo de tesoureiría do exercicio anterior, de acordo co seguinte detalle:

Altas en Partidas de Gastos

Partida: grupo e artigo	Consignación actual	Incremento	Consignación resultante
4-78	9.000	800	25.800
3-22	85.000	25.000	110.000

Altas en Partidas de Ingresos

Partida: capítulo e artigo	Consignación actual	Incremento	Consignación resultante
87	0	25.800	25.800

2º.- Ordear a exposición ó público do contido do presente acordo, polo prazo de quince días hábiles, a efectos de posibilitar, no seu caso, o seu exame e a presentación de reclamacións, especificando que, no caso de que non se presenten reclamacións durante o expresado prazo, entenderase definitivamente aprobado o expediente de que se trata.

QUINTO.- ACORDOS RELATIVOS Á ACEPTACIÓN DO PATRIMONIO DA EXTINTA FUNDACIÓN “COLEGIO SAGRADO CORAZÓN DE SAN SADURNIÑO”.

Dase conta do contido da Orde do 6 de xullo de 2010, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se ratifica o acordo de extinción da fundación “Colegio Sagrado Corazón de San Sadurniño” e se dispón a súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, e de que a referida fundación designou como entidade destinataria do



San Sadurniño
www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

remanente da súa liquidación a este Concello. O asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión Informativa competente do Concello.

Dase conta igualmente do expediente tramitado para a sinatura dun convenio de colaboración coa Deputación Provincial da Coruña para a realización de obras de restauración da cuberta do Pazo da Marquesa, que é o inmovible máis representativo do patrimonio da referida fundación e unha das edificacións máis relevantes deste Concello, obra que se considera urxente, dado o estado de deterioro do Pazo. Para a sinatura deste convenio debe acreditarse diante da Deputación a titularidade municipal dese inmovible, o que sen embargo non resulta viable neste momento, mentres rematan as operacións de liquidación e entrega dos bens e dereitos resultantes dela.

En atención á urxencia na sinatura do convenio de que se trata, para posibilitar a inclusión da obra no presuposto deste Concello para 2011, a Corporación, por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda declarar expresamente que o Pazo da Marquesa é o máis importante elemento do patrimonio da fundación “Colegio Sagrado Corazón de San Sadurniño”, como é público e notorio, e manifestar a vontade deste Concello de aceptar o conxunto dos bens procedentes da extinción desa fundación, de realizar os trámites precisos para a súa incorporación ó Inventario de Bens do Concello e de iniciar coa brevidade posible os trámites necesarios para a execución da referida obra de restauración da cuberta do Pazo da Marquesa, expresando tamén o compromiso de adicar o inmovible de que se trata a finalidades públicas con carácter indefinido.

SIXTO.- ELECCIÓN DE XUIZ DE PAZ TITULAR.

Dase conta do expediente iniciado para a elección de xuíz de paz titular, en cumprimento do solicitado desde o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, por estar próximo o vencemento do periodo de catro anos polo que se nomeou ó actual. Presentáronse oito candidaturas para ocupar este posto. O Secretario toma a palabra, co permiso da Presidencia, para indicar que o asunto debe ser acordado pola maioría absoluta do número legal de membros da Corporación e que, no caso de que o Concello non adopte acordo ó respecto, sería o referido Tribunal Superior quen designaría ó Xuíz de Paz. O asunto foi tratado pola Comisión Informativa competente do Concello, sen que se acadase dictame algún.

O Sr. Alcalde toma a palabra para indicar que das oito solicitudes presentadas dentro do prazo, seis corresponden a licenciadas en dereito, e que o seu grupo considera preferible que a persoa seleccionada teña esa titulación, aínda que a lei non a esixe, polo que propoñen que o Pleno nomee a Susana Fernández Muiño. Decántanse por esa candidata porque das seis persoas que posúen esa licenciatura, esta ten unha relación máis directa con este Concello por ser natural da parroquia de Bardaos e pode dispoñer do tempo preciso para cumprir perfectamente coas súas obrigas. Destaca o Sr. Alcalde que a alternancia no posto e o feito de que por primeira vez sexa ocupado por unha muller son síntomas de normalidade democrática.



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

O Sr. Bedoya toma a palabra de seguido para propoñer en nome do grupo do PP a continuidade do actual titular, Víctor García Fuertes, pola súa plena disponibilidad e cercanía física, e porque durante os anos nos que realizou estas funcións o fixo con gran competencia e sen dar lugar a crítica algunha, indicando que o que funciona ben non debe ser modificado e que nas ocasións en que ninguén quixera ocupar este posto, o Sr. García accedeu a elo en beneficio do pobo. Fai referencia tamén o Sr. Bedoya ó feito de que se trata dun posto non técnico e de carácter diario, no que ten importancia a compatibilidade co horario dos funcionarios que realizan o traballo do Xulgado, e remata decindo que non habendo razón para introducir cambios, apoiarán a continuidade do actual titular.

O Sr. Márquez interven para dicir que hai argumentos en favor da designación de calquera das persoas que o solicitaron e que pode que o asunto non deba ser de competencia municipal; indica que debería tomarse en consideración a opinión dos dous funcionarios municipais que colaboran co Xulgado e di que por unha banda, a experiencia do actual titular avala a súa solicitude, e por outra, parece axeitado abrir a praza a xente nova con expectativas distintas.

O Sr. Alcalde toma novamente a palabra para dicir que quen ten que decidir é o Pleno, sen perxuro das consultas que se poida considerar oportuno realizar. Di tamén que non se debe simplificar excesivamente a importancia e as funcións do Xulgado de Paz, se exerzan ou non na súa totalidade. Polo referido ó correcto desempeño dese posto durante anos, di que ese é un argumento perverso e que non debe valorarse en democracia, xa que é a obriga de quen ocupa un cargo. Fai un chamamento ó consenso, pero un consenso con contido e con fundamento, e insiste na importancia da titulación en dereito como criterio para a selección.

O Sr. Márquez insiste na importancia da opinión dos funcionarios adscritos ó Xulgado, dado que ademais poden producirse cambios no réxime do traballo a realizar. O Sr. Alcalde reitera que os funcionarios teñen a obriga de facer o seu traballo dentro do seu horario, e insiste en que se falou con eles e, como non podía ser doutro xeito, non teñen inconveniente algún en que se cambie o titular da praza.

O Sr. Bedoya, que toma a palabra de seguido, di que o seu grupo reafirmase na súa proposta e que, seguramente pola crise existente, preséntanse para esta praza moitas persoas cunha titulación superior á necesaria. Rexeita a elección dunha persoa distante tendo solicitantes máis próximos e a comparación cunha elección mediante sufraxio que facía o Alcalde. Di tamén que o que o grupo de goberno persigue é un cambio radical no pobo, desde a imaxe corporativa do Concello ata detalles como a titularidade do Xulgado, pero repite que cando algo funciona ben non se deben facer cambios, que considera a experiencia como o mérito máis importante e que se a lei non esixe titulación universitaria é porque non se precisa. Di tamén que se o Alcalde falou coa candidata que propón, como dixo, e está disposta a empadroarse no Concello, eso si pode ser unha vantaxe para o desempeño da praza.

Fala de seguido o Sr. Soto, para expresar o malestar do grupo do BNG polos rumores que se estenderon sobre a existencia dunha candidata auspiciada polo grupo de goberno,



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

dicindo que eles cren na separación de poderes e que eses rumores dañan a imaxe pública do seu grupo, e insistindo en que os criterios para a selección son obxectivos: o currículo dos solicitantes, a alternancia e a promoción laboral. O Sr. Alcalde di que é compañeiro e amigo do actual xuíz, ó que ten nunha grande consideración, e que lle explicará persoalmente as causas da proposta do seu grupo.

O Sr. Márquez insiste na conveniencia de falar cos funcionarios encargados do Xulgado, aínda que a competencia para o acordo sexa soamente do Pleno, sobre todo polo tema dos horarios, e o Sr. Alcalde respóstalle novamente que xa se fixo esa xestión, que se trata dun asunto que debe resolver a corporación e que o xuíz nunca tivo adicación exclusiva.

Sometido finalmente o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de seis votos favorables, dos concelleiros do BNG e do PSOE, con catro votos contrarios, dos concelleiros do PP, acorda elixir como Xuíz de Paz deste Concello a Susana Fernández Muiño, e ordear a notificación do contido do presente acordo a todas as persoas que formularon solicitude de participación no procedemento de elección, e ordear a remisión dunha certificación do presente acordo ó Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, ós efectos oportunos.

SÉTIMO. ACORDOS RELATIVOS Ó MANTEMENTO DO SISTEMA DE IDENTIFICACIÓN, REXISTRO E CONTROL DAS EXPLOTACIÓNS GANDEIRAS.

Dase conta polo Sr. Soto da moción presentada polo seu grupo en relación con este asunto, que seguidamente le e que literalmente di:

“Nas últimas semanas, a Consellaría do Medio Rural anunciou unha serie de cambios no que respecta ao sistema de identificación e rexistro do gando bovino.

Nestes momentos, a maioría das identificacións estíbese facendo a través de persoal veterinario identificador que acudían ás explotacións para lle poñer o crotal aos animais e ao mesmo tempo, para daren de alta os distintos movementos que se producían nestas explotacións como o nacemento, compra - venda ou morte dun animal.

A presenza de persoal veterinario nas explotacións, en xeral, facilítalles moito o labor aos gandeiros e ás gandeiras, pois colaboran para anotar correctamente no libro de explotacións e favorecen un control e seguimento moito máis rigoroso e axeitado, cuestións de suma importancia, dado que moitas das axudas europeas están directamente vinculadas á correcta identificación dos produtos.

Segundo os anuncios de responsábeis da Xunta de Galiza, os cambios implicarían o despedimento do persoal veterinario encargado deste labor e suporían a supresión da visita do mesmo ás explotacións (só se achegarían a estas, no futuro, para facer inspeccións) quedando a identificación, rexistro e anotacións dos animais no libro de explotación, unicamente a cargo dos gandeiros e das gandeiras, que deberían pasar a recoller as chapas na Oficina Agraria Comarcal e, por tanto, limitando o asesoramento e o seguimento directo por parte da administración en todo este proceso. De se confirmaren estes cambios, a maioría



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

das xestións administrativas terían que facelas os gandeiros e as gandeiras a través dunha “Oficina Agraria Virtual” da Xunta, vía internet ou no seu caso telefonicamente.

Esta medida pode supor problemas para moitos gandeiros e gandeiras, pois a maioría das explotacións non poden dispoñer de acceso a internet, situación que lles obrigaría a trasladarse á Oficina Comarcal para uns trámites ou chamar a un teléfono da Xunta para outros, aumentando deste xeito, o custe e o tempo de atención á explotación, e en boa medida, os propios custos da tramitación.

Pero, ademais, as modificacións que se propoñen van influír no sistema de control da sanidade animal. O sistema actual está recoñecido por todos os axentes do sector como unha das mellores garantías da sanidade animal e en consecuencia de seguridade da cadea alimentaria humana. Hai que ter en conta que o 90 % dos animais comisados nos matadoiros proveñen de comunidades nas que non existe o sistema de control de identificación e que calquera situación de dúbida podería provocar o afundimento do mercado de carne.

A iniciativa vai no camiño de debilitar o sistema de seguimento e control público da sanidade animal, introducindo neste campo a xestión de entidades privadas, e que tan serias repercusións tivo e pode ter para a calidade da nosa cabana gandeira e en definitiva para garantir a calidade, trazabilidade e sanidade da carne que entra na cadea alimentaria.

A maiores, previamente á implantación de calquera medida que obrigue aos gandeiros e gandeiras a utilizar unha Oficina Agraria Virtual para poder relacionarse oficialmente coa Administración galega, exixe desta que dote do servizo de internet con cobertura efectiva e real a todas as explotacións do noso medio rural.

Por todo isto, o Grupo Municipal do BNG propónlle ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte ACORDO:

Demandar da Xunta de Galiza o mantemento do sistema de identificación, rexistro e control das explotacións gandeiras coas garantías e nas condicións nas que se vén desenvolvendo este servizo público.”

O asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión Informativa competente do Concello.

O Sr. Bedoya comeza lembrando que non se pronunciou na Comisión Informativa e di que a proposta lle parece prematura, xa que ata a data o único que hai é un anuncio da Consellería, e aínda non se sabe como quedará regulado o asunto. Enmarca a proposta na política de oposición do BNG a todo canto fai a Xunta e di que unha das razóns que xustifican posibles modificacións neste tema é o aforro de custos para os gandeiros, reiterando que haberá que agardar para pronunciarse cando se teña información suficiente sobre o asunto, polo que o seu grupo vaise abster na votación desta proposta.

O Sr. Márquez interven para dicir que a medida anunciada pode supoñer un pequeno retroceso, cuestionando que non se poidan simultanear ámbolos dous sistemas. Lamenta tamén a perda da relación persoal entre gandeiros e veterinarios, e pon de manifesto as dificultades que pode ter un sistema de comunicación telemática coas deficiencias na cobertura de moitas zonas rurais.



O Sr. Soto di que, diante das dúbidas sobre a aplicación do novo sistema, debería manterse o actual, que ten demostrado que funciona. Achaca ós sindicatos o retraso na contestación fronte a este tema e di que é preferible actuar a tempo e que a inactividade pode ter consecuencias graves, sobre todo para as pequenas explotacións.

Sometido finalmente o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de seis votos favorables, dos concelleiros do BNG e do PSOE, con catro abstencións, dos concelleiros do PP, acorda prestarlle a súa aprobación ó contido da moción de que se trata.

URXENCIA. Antes de pasar ó oitavo e último punto da Orde do Día, rogos e preguntas, o Sr. Alcalde pregunta ós Sres. membros da Corporación, en cumprimento do sinalado no artigo 91-4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, se desexan someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na Orde do Día da presente sesión.

Non tendo o grupo da oposición proposta algunha de asuntos urxentes que prantexar, toma a palabra o Sr. Soto, para propoñer a inclusión de dous puntos con este carácter na orde do Día da presente sesión: unha moción en contra da supresión do Noitebús e outra sobre a retirada do canon da auga previsto na Lai de Augas de Galicia

Sometida de seguido a votación ordinaria a inclusión das propostas de que se trata como urxente, na Orde do Día da presente sesión, a Corporación, sen deliberación e por maioría de seis votos favorables, dos concelleiros do BNG e o do PSOE, con catro votos contrarios, dos concelleiros do PP, acorda considerar eses asuntos urxentes, polo que quedan incluídos na Orde do Día da presente sesión, pasándose de seguido ó seu debate.

URXENCIA. PRIMEIRO. MOCIÓN EN CONTRA DA SUPRESIÓN DO NOITEBÚS.

O Sr. Soto procede á lectura do texto da moción, que literalmente di:

“O Noitebús é un servizo de transporte nocturno que naceu co bipartito co obxectivo de facilitar o transporte nocturno da mocidade a fin de evitar e reducir a incidencia dos sinistros de tráfico ligado a estes desplazamentos. Todo o mundo aplaudiu a súa posta en funcionamento. É máis, ao PP parecíalle – cando estaba na oposición- que o que tiña que facer o goberno era incrementar o servizo.

Os últimos datos globais que coñecemos sobre o nivel de uso son de finais de abril deste ano 2010, a través dunha nota oficial da Xunta de Galiza que dí textualmente: “o éxito deste servizo ven de ser demostrado cos datos que anuncio a Dirección Xeral de Mobilidade xa que entre o 1 de xullo de 2009 e o 31 de marzo de 2010, un total de 390.000 usuarios utilizaron algunha das 260 rutas implantadas”.

Ademáis sempre é importante contar coa opinión de entes autorizados e así, a Dirección Xeral de Tráfico dí que “este servizo ten demostrado a súa eficacia contribuíndo a eliminar vítimas e a concienciar sobre a conducción segura” e a Plataforma Stop Accidentes cualificou este anuncio de supresión de desastre e afirman que sempre é máis barato previr vítimas que lamentar.



San Sadurniño
www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

A decisión de eliminar este servizo non ten nada que ver coa austeridade, senón cun afán desmantelador de servizos deste goberno, sobre todo servizos iniciados na anterior lexislatura.

En definitiva, trátase dunha decisión negativa, que rebaixa a seguridade viaria e servizos para a mocidade.

Por todo isto, o Grupo Municipal do BNG de San Sadurniño solicita que a Corporación Municipal adopte do seguinte acordo:

Demandar ao goberno galego a non supresión do servizo de Noitebús.”

O Sr. Bedoya interven para dicir que o servizo vai ser modificado, pero non suprimido, e que como xa se indicou na Comisión Informativa, considérase que se está a tirar o diñeiro nun servizo que, en todo caso, deberían pagar padres e hosteleiros, xa que os traballadores non teñen servizos semellantes. Di que por San Sadurniño non pasa liña algunha do Noitebús, que produxéronse incidentes de vandalismo contra os vehículos cos que se presta o servizo, que non se considera aceptable prestar este servizo gratis e que todo o mundo está de acordo en que é preciso reducir gasto público, pero non hai medida algunha na que se considere apropiada esa redución, e remata calificando ese servizo como un abuso en tempos de crise.

O Sr. Márquez interven de seguido para dicir que o Noitebús é un servizo moi positivo, incluso desde o punto de vista medioambiental, e que se debe manter por razóns de seguridade, aínda que o pago debería repartirse entre os propios usuarios e hosteleiros, que son os beneficiarios, e as administracións, polo que é partidario de que non desapareza, senon que se manteña e mellore.

O Sr. Soto di que as palabras do Sr. Bedoya poderían resultar ofensivas para os familiares dalgúns xoves, e tamén que no orzamento da Xunta para 2011 non hai prevista partida algunha para esta finalidade. Di que o programa ten un custo inferior ó da visita do Papa e lembra que no proxecto de orzamento o gasto social redúcese nun corenta por cen, sumando as reducións que se propoñen en varios departamentos.

O Sr. Bedoya di que o que hai que facer é mellorar a xestión, e que sempre resultará preferible unha redución no programa do Noitebús que en educación ou en sanidade, e o Sr. Soto pide máis servizos públicos e menos papanatismo.

Sometido finalmente o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de seis votos favorables, dos concelleiros do BNG e o do PSOE, con catro votos contrarios, dos concelleiros do PP, acorda prestarlle a súa aprobación á moción de que se trata.

URXENCIA. SEGUNDO. MOCIÓN PARA A RETIRADA DO CANON DE AUGA RECOLLIDO NA LEI DE AUGAS DE GALICIA.

O Sr. Soto procede á lectura do texto da moción, que literalmente di:

“A Lei de Augas de Galiza aprobado polo Goberno galego substitúe o actual canon de saneamento por dous novos tributos, o canon da auga e o coeficiente de vertido, coa única intención de aumentar a recadación por parte do goberno do PP, a costa de familias e particulares. Mentres as administracións preparan novas rebaixas impositivas para a



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

adquisición de segundas vivendas, sen límite de prezo nin de renda dos seus titulares, o PP incrementa de xeito brutal e desproporcionado a imposición sobre o uso ou consumo de auga, nomeadamente para os usos domésticos, que serán os que soporten a maior suba de impostos. Xa no primeiro ano de aplicación destes dous novos tributos, a Xunta de Galiza, prevé duplicar a recadación prevista polo canon de saneamento para o ano 2010, cun incremento de preto de 35 millóns de euros. Unha persoa que viva soa e que teña un consumo medio, duns 3 m³. ao mes, verá como a carga tributaria do seu recibo da auga se incrementa en máis dun 363%; e unha familia de tres membros, con ese mesmo consumo por persoa, terá que soportar un incremento do 171%.

Esta é unha lei que foi elaborada sen consultar aos concellos galegos, sen discusión previa, obviando a realidade local e a grave situación económica que se sofre no país e nos concellos.

Reducen os consumos asimilábeis a domésticos, pasando dos 3.000 m³/ao ano actuais a 2.000 m³/ao ano, o que terá consecuencias moi importantes na suba que van experimentar colexios, centros de saúde, pequenos negocios, hostalaría, etc.

Suprimen as exencións existentes na actualidade para os núcleos de menos de 2.000 habitantes, prexudicando especialmente aos veciños e veciñas do rural, que terán que pagar o canon polo aproveitamento da auga dos seus propios pozos, ou de traídas veciñais, do que hoxe están exentos, e ademais aínda que non teñan servizos públicos de abastecemento de auga ou de saneamento. Só no caso de que non dispoñan de ningún destes dous servizos públicos poderán aplicar a redución prevista na lei, pero aínda non tendo ningún servizo terán que tributar polo canon da auga.

Esta lei obriga a instalar contadores homologados nos pozos particulares, baixo a ameaza de multas de até 30.000 euros.

Por outra parte, a lei non adopta ningunha medida que veña a incentivar o aforro de auga, nin nos usos domésticos nin nos outros, e por riba establece unha cota para todos os fogares aínda que non teñan consumo de auga. Trátase dunha política fiscal abusiva que queren aplicarlle a toda a poboación co único obxectivo de recadar, cando con poñer en marcha a recadación do canon industrial -como no caso de ENCE- xa incrementarían os ingresos e garantiría un uso sostíbel da auga e unha xestión transparente do canon industrial do seu uso.

Vén ser outro incremento inxusto da imposición indirecta, que soportarán os galegos e galegas, independentemente dos seus ingresos, que só reponde ao interese do goberno do PP de facer recaer o incremento da recadación sobre as familias e outros usuarios que hoxe non soportan o canon de saneamento, mentres continúan a permitir a fraude fiscal aos grandes consumidores de auga cunha elevada carga contaminante, e néganse no Parlamento galego a establecer impostos para as grandes fortunas, para as rendas superiores a 1 millón de euros. Por iso, propoñémoslle ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte ACORDO:



Solicitar do Goberno galego a retirada da Lei de Augas de Galiza e elaborar un novo proxecto de Lei que sexa sometido a consulta pública. Debendo recoller as seguintes cuestións:

- a) Cumprimento da Directiva Marco da Auga e inclusión de todos os seus preceptos.
- b) Garantir o acceso ao ciclo completo da auga a todos os cidadáns e cidadás de Galiza en igualdade de condicións.
- c) Garantir unha fiscalidade progresiva para a auga en Galiza que de ningún xeito supoña un incremento da carga impositiva na situación actual de crise pola vía dos impostos indirectos.
- d) Regulación e ordenación dos usos da auga que recolla todas as peculiaridades do territorio galego e do acceso á auga, de xeito que se garanta que a auga sexa un servizo universal das galegas e dos galegos.
- e) Ter en conta unha regulación dos usos industriais da auga que garanta o uso sostíbel do recurso e unha xestión transparente do canón industrial do uso da auga.”

O Sr. Bedoya di que xa se está a pagar canon para os concellos de máis de 2.000 habitantes, e que non foi o PP quen o implantou. O Sr. Soto di que o canon aboarase dentro da factura da auga, polo que serán os concellos os que terán que recaudar ese canon para a Xunta. O Sr. Bedoya resposta que noutros concellos nos que xa se cobra, o concepto ven identificado separadamente no recibo, e manifesta que este asunto non é de competencia do Concello, senon do Parlamento, pero que semella que San Sadurniño, un dos poucos concellos gobernados polo Bloque, está a erigirse en primeira liña na oposición política á Xunta. Remata decindo que se está a falar de percentaxes, pero que as cantidades por usuario serán pequenas. O Sr. Soto respóstalle que se pode pasar de 20 a 60 euros por recibo, o que o Sr. Bedoya nega.

O Sr. Alcalde interven de seguido para dicir que o tema non é gratuito, que se está a legislar sobre un cobro que deberán realizar os Concello e que non é casualidade que a entrada en vigor da medida se pospoña para o mes de maio, tras as eleccións locais. O Sr. Bedoya insiste en que non se vai castigar ós concellos pequenos nin ós usuarios.

Toma a palabra o Sr. Márquez, para dicir que o tema ten unha intención claramente recadatoria e cuestionando quen lle vai explicar isto á xente dentro de seis meses, ou quen vai compensar estes gastos. O Sr. Alcalde di que, gracias a unha emenda proposta polo BNG no trámite parlamentario, haberá un sistema de bonificacións que poderá acadar ata o 90% do importe do canon.

Sometido finalmente o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de seis votos favorables, dos concelleiros do BNG e o do PSOE, con catro votos contrarios, dos concelleiros do PP, acorda prestarlle a súa aprobación á moción de que se trata.

OITAVO. ROGOS E PREGUNTAS.

O Sr. Bedoya pregunta cando se calcula que estarán ocupadas as corenta prazas do centro de día.



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

O Sr. Alcalde resposta que a ocupación do centro debe facerse de maneira progresiva, e que nesta data están cubertas a metade das prazas, aínda que non existe unha previsión concreta da data de ocupación completa. O Sr. Bedoya di que canto maior sexa o número de usuarios, mellor funcionará a empresa que o xestiona.

A Sra. Muiño di que a empresa está satisfeita coa ocupación actual do centro, e os usuarios tamén están contentos, polo que se preve o incremento do número de usuarios e hai boas expectativas de futuro. O Sr. Bedoya di que é do interese de todos que o centro funcione, e que un mal funcionamento sería malo para todos. A Sra. Muiño di que neste momento hai unha lista de espera de once persoas, aínda que este é un dato moi variable.

O Sr. Varela toma a palabra de seguido para preguntar polas obras que se están a facer no patio co colexio por parte da Consellería, que xa deberían estar rematadas hai tempo.

O Sr. Bedoya abandona a sesión, co permiso da Presidencia, sendo as trece horas e trece minutos.

O Sr. Alcalde explica que a única noticia que ten respecto ó retraso das obras é o que publicou a prensa hai uns días. Sen comunicación oficial, cónstalle que foi necesario realizar algunhas rectificacións no proxecto, que impediron que a obra quedase rematada antes do inicio do curso escolar.

Pregunta tamén o Sr. Varela polo recorte nas axudas para a rehabilitación de vivendas, respostándosele polo Sr. Alcalde que se trata dun recorte acordado pola Xunta que terá unha dobre repercusión negativa, primeiro sobre as familias, pero tamén sobre as empresas que poderían realizar esas obras de rehabilitación.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as trece horas e quince minutos, redactándose a presente acta para a adecuada constancia do tratado e dos acordos adoptados, do que como Secretario certifico.

O ALCALDE PRESIDENTE,

O SECRETARIO,